



lanzadeXras

tema 7: xestión

módulo 25

a tempo



XUNTA
DE GALICIA



tema 7: xestión

módulo 25

semana 7 | día 1

lanzadebras



lánzate á aventura de emprender

índice do módulo

ÍNDICE TEMÁTICO

semana 1 | identidade

semana 2 | persoas

semana 3 | habilidades

semana 4 | estratexia

semana 5 | mercadotecnia

semana 6 | creatividade

semana 7 | xestión

semana 8 | marca persoal

semana 9 | comunicación

ÍNDICE MODULAR

módulo 25 | a tempo

módulo 26 | finanzas

módulo 27 | fiscalidade

módulo 28 | constituíe

ÍNDICE DO MÓDULO

resumo teórico | páxina 04

exemplo | páxina 08

videotutorial | páxina 09

GramolaEmprendedora



Escoita
Vertigo
U2





tema 7: xestión

módulo 25

semana 7 | día 1

lanzadebras



o imprescindible para lanzarse á piscina

resumo

Control administrativo, de finanzas, das débedas coa Facenda pública e do tempo. O Santo Graal da xestión!

Din que o tempo é ouro. Quizá por iso desprezalo, desaproveitalo ou perde-lo é un auténtico sacrificio para todo empresario ou emprendedor que se prece.

O primeiro que debes facer é apreciar o seu valor. Porque mentres outros recursos se gastan e se repoñen, o tempo non volve. Así que non apraces o inaprazable inevitablemente, planifica o esencial e non te deixes sorprender polas continxencias. Para iso prevé sempre un plan B alternativo que, chegado o caso, suture fugas de tempo.

O segundo: aprende a delegar. O maior inimigo do traballo é a acumulación. E, sen delegación, esta é inevitable. Así que delega e corresponsabiliza con empatía e xenerosidade, facendo a todos partícipes das responsabilidades e os logros.

O terceiro: divide o teu tempo con coherencia, dedicando horas distintas a tarefas diferentes para logo someterte á túa axenda temporalizada. Iso si, dedica as mellores horas ás tarefas que demanden máis enerxía e aproveita as ``horas parvas`` para as actuacións máis rutineiras.

O cuarto: pon data de caducidade ás túas tarefas, pois nada é eterno e o mellor é inimigo do bo. E cando non poidas ou non debas facer algo non temas a dicir non. Un





tema 7: xestión

módulo 25

semana 7 | día 1

lanzadebras



o imprescindible para lanzarse á piscina

resumo

non a tempo é mellor que un si sen tempo. Lémbrao!

Para facilitarche a vida leva un rexistro dos teus tempos e procura melloralos periodicamente. Ademais, é moi importante que priorices as túas tarefas diferenciando o importante do urxente nun escenario ordenado que evite os ladróns de tempo.

Así, prorroga e evita aquilo que non sexa nin importante nin urxente; concéntrate no importante, sobre todo se reviste urxencia, e non permitas que falsas urxencias te distancien do realmente importante, que debes aprender a planificar con tempo.

Todo iso non te eximirá de estar exposto a retos. Iso é: tempestivos, movíbeis e escalables. Proponos, escríbeos, etapifícalos, contrólaos e dispoñe a aproveitar o teu tempo ao máximo planificándote día a día.

Lembra: a vida é unha oportunidade. Aproveítala!



tema 7: xestión

módulo 25

semana 7 | día 1

lanzadebras


aprender do que outros fixeron con mestría

exemplo



A XESTIÓN DO TEMPO SEGUNDO GUILLERMO BALLEATO

Guillermo Ballenato ilústranos no seu libro a relación entre a eficacia e a correcta xestión do tempo. Nas súas páxinas diríxenos ao esencial, instándonos á racionalización do tempo, á revisión e simplificación dos procedementos e ao aproveitamento dos recursos.





lanzade'ras

fotogramas que valen máis que mil verbas

videotutorial

XESTIONANDO O TEMPO

<https://www.youtube.com/watch?v=hYbHSKrTCOA>



a videoteca de Alba

Teresa Maró, experta en comunicación persoal, intervén nesta entrevista para informarnos sobre a importancia que foi tomando cos anos e coa internalización a xestión do tempo. Debido a estes avances debemos cinguirnos cada vez máis aos horarios previstos, buscando así pautas para traballar con persoas de diferentes culturas, utilizando o noso tempo en monocromía e produtividade.

O tempo ten gran valor, tanto a nivel empresarial como a nivel persoal. O mundo vai cara á precisión, e cada vez isto nos esixe máis e máis. Debemos ter en mente o corolario deste vídeo: “Para non ser descortes, debemos saber que o tempo dos demais é valioso e que hai que respectalo”.

